



## Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

### Unidade de competencia.

Montar e manter sistemas de telefonía con centrais de baixa capacidade

**Código.**

UC0599\_2

**Nivel.**

2

### Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

#### Cualificación profesional.

Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos

**Código.**

ELE189\_2

**Nivel.**

2

#### Título de formación profesional.

Instalacións de telecomunicacións

**Código.**

MELE02

**Nivel.**

Grao medio

### Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.

Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

---

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI



**Instrucións para cubrir o cuestionario.**

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS). Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoos facer con axuda.
3. Pódoos facer sen precisar axuda.
4. Pódoos facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

**APP1 Montar canalizacións, cables, tomas de usuario e repartidores en sistemas de telefonía segundo a documentación técnica do proxecto, en condicións de seguridade e seguindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**  
1 2 3 4

APS1.1	Comprobar que o espazo destinado á central cumpra as especificacións do proxecto, coas condicións ambientais axeitadas (temperatura, ventilación, etc.) e coas condicións de montaxe e mantemento.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.2	Implantar as canalizacións da instalación de acordo cos planos e as especificacións do proxecto.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.3	Distribuír o material da instalación de acordo co plan de montaxe.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.4	Montar as canalizacións cos seus elementos de fixación segundo as especificacións de fábrica, asegurando a suxeición mecánica e a calidade estética.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.5	Tender os cables, sen modificar as súas características, seguindo as especificacións do proxecto.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.6	Etiquetar os cables seguindo o procedemento establecido na documentación técnica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.7	Instalar as tomas de usuario, respectando a etiquetaxe dos cables.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.8	Montar os repartidores (regreteiros de inserción) conectados segundo a documentación técnica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.9	Comprobar a distribución dos cables de acordo coa documentación técnica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.10	Comprobar a continuidade dos pares nas tomas de usuario.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.11	Documentar as modificacións sobre o proxecto orixinal feitas nas canalizacións e no cableamento.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**APP2 Instalar centrais de sistemas de telefonía seguindo a documentación técnica do proxecto e os manuais de fábrica, en condicións de seguridade e seguindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**  
1 2 3 4

APS2.1	Comprobar as características da central e os elementos de instalación, segundo as especificacións do proxecto ou as necesidades de servizo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.2	Verificar que a instalación eléctrica sexa independente do resto de circuitos e teña a sección e a posta a terra requirida.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.3	Montar a central e as ampliacións consultando o manual de fábrica, asegurando a suxeición mecánica e de acordo coas indicacións da clientela.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.4	Instalar o sistema de alimentación ininterrompida (SAI) consultando o manual de fábrica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.5	Conectar as liñas, as extensións e os accesorios da central sen modificar as características dos cables, asegurando a fiabilidade das conexións.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.6	Configurar a central de acordo coas especificacións do proxecto e/ou as necesidades da clientela, seguindo o manual de fábrica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.7	Efectuar as probas funcionais á central.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.8	Redactar un informe do traballo desenvolvido e as modificacións introducidas respecto do proxecto orixinal.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**APP3 Manter instalacións de telefonía de acordo cos procedementos establecidos, segundo a documentación técnica do proxecto e os manuais de fábrica, en condicións de seguridade e seguindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**  
1 2 3 4

APS3.1	Determinar a disfunción ou a avaría, a súa causa e os elementos afectados, mediante a comprobación funcional e dos parámetros da instalación de telefonía (central, cableamento, liñas, extensións, terminais telefónicos, etc.).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
--------	---	--------------------------	--------------------------	--------------------------	--------------------------



**APP3 Manter instalacións de telefonía de acordo cos procedementos establecidos, segundo a documentación técnica do proxecto e os manuais de fábrica, en condicións de seguridade e seguindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**

1	2	3	4
---	---	---	---

- APS3.2 Substituír o elemento deteriorado da instalación por un idéntico ou das mesmas características, utilizando a secuencia de desmontaxe e montaxe requirida.
- APS3.3 Elaborar o orzamento recollendo o tipo de avaría e o custo da súa reparación.
- APS3.4 Efectuar as ampliacións e/ou as modificacións dos elementos do sistema, de acordo coa documentación técnica e os manuais de fábrica.
- APS3.5 Modificar a configuración da central segundo o manual de fábrica e as necesidades da clientela.
- APS3.6 Redactar o informe da reparación incluíndo o traballo desenvolvido, os elementos substituídos e as modificacións introducidas.

--	--	--	--

--	--	--	--

--	--	--	--

--	--	--	--

--	--	--	--